



Concello de Meaño

ACTA DA UNIDADE TECNICA CONVOCADA PARA O ESTUDO DA DOCUMENTACION APORTADA NO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DA CONTRATACIÓN DA OBRA “ENSANCHE E MELLORA DE VIAIS EN DADIN (DENA) E FREIXEIRO (LORES)”

Na Casa Consistorial de Meaño, ás 12:11 horas do día 14/09/2026 réunese a Unidade Técnica, convocada mediante Resolución da Alcaldía de data 10/09/2026, nº 2026-0540, integrada por D^a Beatriz López de Castro García, secretaria-interventora, D. Antonio Vázquez Rosales, arquitecto municipal e D^a Trinidad Lorenzo Lema, administrativa, como secretaria; para o estudo da documentación aportada e valoración das propostas presentadas na convocatoria de licitación da obra “Ensanche e mellora de viais en Dadín (Dena) e Freixeiro (Lores).

Na sesión celebrada con data 07 de setembro de 2026, para a apertura e valoración das propostas presentadas no procedemento de licitación, a Unidade técnica acordou requirir a empresa OTERO FORESTAL S.L. para que no prazo de 3 días hábiles desde a recepción da comunicación procedan a acreditar mediante escritura pública de constitución da sociedade e/o escritura/s de modificación da mesma, que as prestacións obxecto deste procedemento de contratación están comprendidas dentro dos seus fines, obxecto ou ámbito de actividade.

Con data 10 de setembro de 2026, rexistro de entrada nº 2026-E-RE-1708, aporta a documentación requirida, comprobada a mesma polos membros da unidade técnica constátase que se axusta ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas que rexen no procedemento de licitación.

Tal e como se recolleu na acta de data 07 de setembro, ao acceder ao Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, as propostas presentadas foran:

Empresa	Data de presentación	Hora
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	01/09/2026	11:39
OTERO FORESTAL S.L.	03/09/2026	09:30

Que formulan as seguintes OFERTAS:

1.-CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.

A .Prezo:

Sen IVE (euros)	IVE (euros)	TOTAL: (euros)
SESENTA E UN MIL NOVECIENTOS TRES EUROS CON OITENTA (61.903,80)	DOCE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (12.999,80 €)	SETENTA E CATRO MIL NOVECIENTOS TRES EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (74.903,60)





Concello de Meaño

2.- OTERO FORESTAL S.L.

A .Prezo:

Sen IVE (euros)	IVE (euros)	TOTAL: (euros)
SESENTA E UN MIL NOVECIENTOS TRES EUROS CON OITENTA (61.903,80)	DOCE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (12.999,80 €)	SETENTA E CATRO MIL NOVECIENTOS TRES EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (74.903,60)

Visto que se produce un empate no importe das propostas formuladas e dado que nos pregos de cláusulas administrativas non se prevé os criterios de desempate, e tal e como se establece no artigo 147 da LCSP polo que se regula os criterios de desempate, no seu apartado 2:

“ En defecto de la previsión en los pliegos a la que se refiere el apartado anterior, el empate entre varias ofertas tras la aplicación de los criterios de adjudicación del contrato se resolverá mediante la aplicación por orden de los siguientes criterios sociales, referidos al momento de finalizar el plazo de presentación de ofertas:

- a) Mayor porcentaje de trabajadores con discapacidad o en situación de exclusión social en la plantilla de cada una de las empresas, primando en caso de igualdad, el mayor número de trabajadores fijos con discapacidad en plantilla, o el mayor número de personas trabajadoras en inclusión en la plantilla.*
- b) Menor porcentaje de contratos temporales en la plantilla de cada una de las empresas.*
- c) Mayor porcentaje de mujeres empleadas en la plantilla de cada una de las empresas.*
- d) El sorteo, en caso de que la aplicación de los anteriores criterios no hubiera dado lugar a desempate.”*

A vista do que antecede, a Unidade técnica acorda requirir as empresas licitadoras para que, no prazo de 3 días hábiles, presenten as declaracións responsables asinadas electronicamente polo representante legal da empresa licitante, acompañando cada declaración coa documentación que acredita inequivocamente cada un dos criterios, indicando o seguinte:

- 1.- Porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal, así como o seu número; indicando se son traballadores fixos en persoal traballadoras en inclusión no persoal.
- 2.- Porcentaxe de contratos temporais no persoal actual da súa empresa.
- 3.- Porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.

E non sendo outro o obxecto desta unidade técnica dáse por rematada, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade asinan dixitalmente os/as participantes.

